



RESEÑA BIOGRÁFICA DE OLAIA FERNÁNDEZ DAVILA DEPUTADA DO BNG NO CONGRESO E CABEZA DE LISTA POR PONTEVEDRA

Nasceu en Vigo, na parroquia de Castrelos.

Iniciou o seu traballo político nos anos setenta no sindicalismo nacionalista en Vigo, onde ocupou a responsabilidade de Secretaria de Zona da INTG, sendo tamén Responsábel Nacional da Secretaría da Muller.

Olaia Fernández foi deputada no Parlamento Galego desde 1993 e até o ano 2003. Desenvolveu a súa actividade parlamentar en temas relacionados co emprego, coa sanidade, co comercio e cos servizos sociais. Foi unha das impulsoras da creación da Comisión non Permanente para a Igualdade e para os Dereitos das Mulleres.

Nas eleccións municipais do ano 2003 foi elixida concelleira en Vigo.

Dentro do BNG, foi membro do Consello Nacional desta formación política desde a VII Asemblea Nacional (celebrada no ano 1995) até o ano 2003. Foi membro tamén da Executiva Nacional do BNG onde desenvolveu a responsabilidade da Secretaría de Acción Social.

Desde as eleccións Xerais do ano 2004 é deputada no Congreso dos Deputados, ámbito no que desenvolve o seu traballo parlamentar especialmente no eido agro-pesqueiro, social, laboral e sanitario.



RESEÑA BIOGRÁFICA DE ROSA ABUÍN RODRÍGUEZ Nº3 DA LISTA DE LISTA POR PONTEVEDRA AO CONGRESO

Rosa Abuín naceu no concello de Catoira, sendo veciña de Carril desde hai moitos anos.

Foi Secretaria Comarcal da INTG na comarca do Salnés e Responsábel da Secretaría da Muller da mesma organización. Foi Secretaria de Organización da CIG na comarca de Pontevedra. Actualmente forma parte da Executiva da Federación de Alimentación, Mar e Transportes da CIG sendo a súa Secretaria comarcal.

Foi unha das impulsoras da Plataforma en Defensa de Cortegada.

Membro do Consello Local do BNG en Vilagarcía, concelleira en Vilagarcía desde o 2007 asumindo a responsabilidade de de promoción económica no devandito concello. É Vicepresidenta do Comité Executivo de FEXDEGA.